

Sinfonía de fadas

*Pr'a Agrupación de
Gaiteras «Saudade»,
de Ribadeo, con fonda
admiración.*

Dixéronse os paxariños:

—«¿Vamos tocar un concerto
c'os nosos millores cantos
e os nosos sons gasalleiros?

—¡Vamos xa—se contestaron—
pra que os espallen os ventos!».

Comezou a cotovia
c'os seus soaves arpexios;
entonou o reisiñor
os seus máis ricos acentos;
larapetou a'anduriña;
asubiaron os merlos;
axudaron c'os seus tríos
os pardillos e xilgueros...
e'en fin; cada un ensayou
os seus cantares máis belos,
formando unha sinfonia
d'os máis diviños gorxeos,
tan vibrante e sonora
qu'enchian o espazo inmenso...

Pro, de repente calaron;
fixose un fondo silencio,
e'escoitaron con arroubo
de donde viñan os ecos
d'un canto moito máis lindo
e moito máis feiticeiro
que aquel qu'eles entoaban
con tanto gozo e contento.

Enmudeceron de pasmo;
calaron c'os seus gorxeos
cando ouviron as gaiteras
d'o grupo de Ribadeo
desfrecando brandas notas...

¡Ayl! ¡Qué afinación! ¡Qué dedos
sobr'o punteiro d'a gaita
marcando ternos arpexios!
¡Qué gracia de tamborill

¡Qué repicar de pandeirol
¡Qué galanas c'os seus traxes!
¡Qué camiñar con salerol!

—«¡Ouh—dixeron os paxáros—
c'o noso canto calemos,
que millor o fan co-as gaitas
as nenas de Ribadeo,
e'escoitemos, caladiños,
este subrime concerto,
que parez que o están tocando
os anxeliños d'o ceol!».

CARMIÑA PRIETO ROUCO

Villalba (Galicia), 1962.